XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural.

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

PROXECTO DE REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS

CONCELLO - PROVINCIA: **SILLEDA – PONTEVEDRA**

ZRP: **OLEIROS**

TOMO I DE III
DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS Á MEMORIA
DOCUMENTO Nº3: PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES
DOCUMENTO Nº 4: ORZAMENTO

PRAZO DE ORZAMENTOS:

Prazo de execución:	**12 Meses**
Orzamento de execución material:	**1.035.772,34 €**
Orzamento de execución por contrata:	**1.491.408,59 €**

O AUTOR DO PROXECTO: **D. José Martín Vázquez Morandeira**
Enxeñeiro de Montes

Tragsatec
GrupoTragsa

O DIRECTOR DO PROXECTO: **D. Manuel Almansa Hermida**
Enxeñeiro Técnico Agrícola
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

VISTO E PRACE: **Dña. María José Pérez Gil**
Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarías
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DATA: **XULLO DE 2019**

Xacobeo 2021

galicia

ÍNDICE

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS

Memoria

Anexo 1.- Estudo Xeotécnico
Anexo 2.- Trazado
Anexo 3.- Memoria Ambiental
Anexo 4.- Hidroloxía e Drenaxe
Anexo 5.- Clasificación do contratista e xustificación de prezos
Anexo 6.- Análise Orzamentario
Anexo 7.- Programa de Traballos
Anexo 8.- Xestión de Residuos
Anexo 9.- Estudio de Seguridade e Saúde
Anexo 10.- Adecuación Ambiental e Paisaxística
Anexo 11.- Normativa de Aplicación

DOCUMENTO Nº 2: PLANOS

Plano Nº 1.- Localización
Plano Nº 2.- Xeral de Emprazamento con Áreas de Protección de Patrimonio
Plano Nº 3.- Plantas Xerais de Actuacións
Plano Nº 4.- Perfiles Lonxitudinais e Transversais
Plano Nº 5.- Detalles Rede de Camiños

DOCUMENTO Nº 3: PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

DOCUMENTO Nº 4: ORZAMENTO

SEPARATA Nº I: DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

DOCUMENTO Nº 1

MEMORIA

ÍNDICE

1.- ANTECEDENTES.....1

2.- DESCRICIÓN DA ZONA.....1

2.1.- Situación e Límites..... 1
2.2.- Superficie e cultivos..... 2
2.3.- Fisiografía..... 2
2.4.- Hidrografía..... 3
2.5.- Vías de Comunicación..... 3

3.- XUSTIFICACIÓN E OBXETO DO PROXECTO.....3

4.- DESCRICIÓN DAS OBRAS.....4

4.1.- Tráfico Previsto, Velocidade de Proxecto e Elementos de Xeometría..... 4
4.1.1.- Dimensións..... 4
4.1.2.- Bombeo..... 4
4.1.3. Cunetas..... 5
4.1.4.- Radios das curvas horizontais..... 5
4.1.5.- Pendentes máximas..... 5
4.1.6.- Cambios de rasante..... 6
4.1.7.- Intersección e entroncamentos..... 6
4.2.- Localización, Datos Básicos e Características Xerais dos Camiños Proxectados..... 6
4.2.1.- Afirmado..... 8
4.2.2.- Obras de fábrica..... 8
4.2.3.- Sinalización..... 9
4.2.4.- Servizos Afectados, Permisos e Licenzas..... 9
4.2.5.- Varios..... 10

5.- XEOLOXÍA E XEOTECNIA.....10

6.- MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS.....11

6.1.- Espazos naturais.....11
6.2.- Patrimonio Histórico-Artístico.....12
6.3.- Xestión de Residuos de construción e demolición.....12

7. SEGURIDADE E SAÚDE.....13

8.- LEXISLACIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN.....13

9. NORMAS CONSTRUTIVAS.....15

10. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS.....15

10.1.- Xustificación de obra completa.....15
10.2.- Autorizacións administrativas.....15

10.3.- Programa de Traballos. 16
10.4.- Prazo de execución. 16
10.5.- Clasificación do contratista. 17
10.6.- Revisión de prezos. 17
10.7.- Prazo de garantía. 17
11. DOCUMENTOS DO PRESENTE PROXECTO. 18
12.- PLANOS. 18
13.- PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES. 19
14.- ORZAMENTO. 19
14.1.- Orzamento Base de Execución por Licitación. 20
15.- CONCLUSIÓNS E PROPOSTA DE APROBACIÓN. 21

1.- ANTECEDENTES.

O Diario Oficial de Galicia nº 131 de data 14 de xullo de 2015 publica a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (Metaga), que no seu Título VI. Obras (artigo 60 e seguintes) determina a necesidade da aprobación dun plan de obras que reflectirá todas as actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria, entre as que estarán incluídas as redes de camiños principais para dotar de acceso aos novos predios de substitución.

O BOE número 234 do 30 Setembro de 1969 publica o Decreto 2145/1969 do 16 de Agosto, polo que se declara de utilidade pública a concentración parcelaria da zona de Oleiros (Pontevedra).

2.- DESCRICIÓN DA ZONA.

2.1.- Situación e Límites.

A parroquia de Oleiros pertence ao Concello de Silleda atópase no nordeste da provincia de Pontevedra, segundo se reflicte no plano xeral (plano nº 1), e dista 60 Km da capital da provincia.

Os lindes da zona son os indicados a continuación:

NORTE: Parroquia de Cortegada (Santa María)

SUR: Parroquia de Barcia (Santo Estevo) e Parroquia de Laro (San Salvador)

ESTE: Parroquia de Anseán (Santiago)

OESTE: Parroquia de Refoxos (San Paio)

O perímetro da zona atópase delimitado polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89):

X	Y
562.865	4.723.667
565.696	4.723.667
562.865	4.720.734
565.696	4.720.734

2.2.- Superficie e cultivos.

A superficie da Zona é de 260 Has con variedade de cultivos e aproveitamentos destacando o labradío, os prados, o mato e o arboredo con piñeiro marítimo.

Labradío: As producción dos cultivos están destinadas ao autoconsumo. As alternativas son:

- Pataca ou millo-trigo ou centeo-alcacer (con ou sen nabos).
- Millo-raygrass italiano-pataca.

Hai pequenas superficies adicadas a col e remolacha forraxeira. Nos terreos próximos ás zonas habitadas e con regadío cultívanse repolos, leitugas, chícharos e outros produtos de horta. A maior parte do millo é para grao e o resto para forraxe. Despois do millo a pataca é o cultivo de maior importancia.

Prado: Este aproveitamento está constituído por superficies cubertas por agrupacións de vexetais exclusivamente herbáceas xa sexan sementadas ou espontáneas.

Mato: A composición do mato é: toxo, breixo, xesta, carqueixa e aulaga…

Arboredo: A especie predominante é o piñeiro marítimo (*Pinus pinaster*) dominando incluso as asociacións con outras especies. Dentro das frondosas a especie máis representativa é o carballo (*Quercus robur*). Aparece asociado ao piñeiro marítimo en grandes superficies. Outras especies presentes na zona pero principalmente asociadas ao piñeiro marítimo son o eucalipto (*Eucalyptus globulus*) e o castiñeiro (*Castanea sativa*).

Improductivo: Ocupa unha extensión que se corresponde cos núcleos de poboación.

2.3.- Fisiografía.

A zona caracterízase por ter unha orografía moi accidentada. As cotas máis elevadas atópanse no sur e sudoeste da zona de concentración onde se superan os 500 metros de altitude. Os terreos máis chans coinciden cos núcleos de poboación da parroquia.

O resto do territorio caracterízase por ter unhas fortes pendentes, que drenan con eficacia as augas cara os pequenos regatos que verten no río Deza.

O "Castro Montas" con 659 metros de altitude, situado ao sudoeste do lugar de A Laxe constitúe o punto máis elevado da zona.

Cara ao este fórmase unha depresión debido ao curso de río Deza, que delimita a zona. A cota do río Deza e duns 370 metros de altitude.

2.4.- Hidrografía.

Na zona existen diversos cursos de auga, con forte pendente e concas de recepción de pequena superficie que verten as súas augas ao río Deza.

O río Deza é o curso de auga mais importante, delimita a zona polo Leste. Nace nos Montes do Testoiro, na localidade de As Antas, entre os municipios de Beariz e O Irixo. Despois de penetrar na provincia de Pontevedra cruza a comarca que leva o seu nome ata desembocar no río Ulla, entre os municipios de Silleda e Vila de Cruces.

2.5.- Vías de Comunicación.

A vía principal de acceso á parroquia de Oleiros é a estrada PO-201 que a une cara o norte con Silleda e cara o sur con Laro. Dende esta poboación, mediante a estrada PO-534, accédese a estrada N-525 que une Ourense, Lalín e Santiago de Compostela.

3.- XUSTIFICACIÓN E OBXETO DO PROXECTO.

O presente proxecto inclúe as obras da rede de camiños principais da zona de Concentración Parcelaria de Oleiros co obxectivo de satisfacer as seguintes necesidades.

- Ampliar a rede viaria comunicando os distintos lugares da parroquia entre eles, coas parroquias veciñas e coas actuais vías de acceso.
- Mellorar parte dos camiños existentes.
- Establecer os camiños principais dos que partirán os camiños de servizo, que completarán a nova rede de camiños para dotar dun acceso axeitado ás leiras de substitución.

En resumo, trátase de dotar á zona duns mellores accesos que faciliten o transporte, a comunicación cos mercados e cos centros comerciais, e conseguir un mellor aproveitamento das leiras de substitución, aumentando así a productividade das explotacións. En definitiva potenciar o desenvolvemento integral da zona.

O obxecto deste proxecto é definir e presupostar as obras a realizar, de maneira que sirva de base para a contratación das mesmas e a súa posterior execución.

4.- DESCRICIÓN DAS OBRAS.

4.1.- Tráfico Previsto, Velocidade de Proxecto e Elementos de Xeometría.

O tráfico previsto na zona é de moi escasa magnitude. O concepto de IMD descrito na norma vixente sobre seccións de firme aprobada polo MOPU pode non adaptarse ás características dos camiños rurais. Nela descríbese a mínima categoría de tráfico coma T42 (IMDp <25) que nos casos de camiños de concentración parcelaria é un valor demasiado elevado.

Por outra parte, a velocidade base de proxecto, que é a máxima que pode ser mantida por un vehículo illado de forma continuada en condicións de seguridade en cada tramo do camiño cando as únicas limitacións veñen impostas polas características xeométricas deste, foi determinada en función da morfoloxía da zona e do tráfico previsto. No noso caso, e considerando que nos encontramos nun terreo de ondulado a montañoso e con IMD inferiores a 25 veh/dia tomouse esta de 40 km/h. (segundo a AASHO e E. Del Barrio).

Tras determinar os valores aproximados da IMD e da velocidade de proxecto, determinouse a sección de firme que mellor se adapta ás características dos camiños sendo esta tamén resultado do froito da experiencia.

4.1.1.- Dimensións.

En canto a anchura dos camiños, séguense os criterios establecidos na táboa 3.1.1 do libro Camiños Rurais (R. Dal-Re):

Anchura	Camiños Principais		Camiños Secundarios		Camiño Terminal
	Ancho mínimo (m)	Ancho máximo (m)	Ancho mínimo (m)	Ancho máximo (m)	Ancho Único (1)
Firme	5	6	4	5	3
Total	7	8	6	7	5

(1) Con raquetas terminais para facilitalo cambio de sentido

A maior parte dos camiños deste proxecto presentan un ancho da capa de rodaxe de 5 m. A excepción do camiño B, de 4 m. de rodaxe e os camiños A, F, J, e M que presentan un ancho de 6,0 m.

4.1.2.- Bombeo.

O bombeo ou pendente transversal favorece a conservación do firme ao facilitar a evacuación da auga de chuvia cara as cunetas evitando que penetre nel. En camiños con dous carrís, o bombeo farase cara os dous lados da plataforma, e en

camiños dun só carril optarase por esta solución ou por ter inclinación única dependendo dos casos.

A pendente transversal a dar ao camiño depende de varios factores, como a rugosidade do pavimento, o pluviometría da zona, o tráfico, etc., pero sobre todo da súa pendente lonxitudinal. Aconséllase que a pendente transversal se calcule unicamente en función da súa pendente lonxitudinal.

Os valores límite que non deben superarse son:

- Mínimo: 1,5% (para facilitar a rápida evacuación da auga)
- Máximo 3% (para asegurar a circulación de vehículos)

Sobre a base da experiencia e a facilidade construtiva utilizarase un bombeo mínimo do 2% constante en todos os camiños que asegurará a circulación das augas cara a cuneta e a circulación segura dos vehículos.

4.1.3. Cunetas.

As cunetas de proxecto serán en terra de sección triangular, con noiros de entrada e saída de 1/1, terán unha anchura de 1 m e unha profundidade de 0,50 m. dende a cota da capa de rodaxe.

4.1.4.- Radios das curvas horizontais.

O radio mínimo das curvas será en función da velocidade base (40 Km/h). Para camiños sen revestimento asfáltico, como é no noso caso, o radio mínimo virá expresado pola fórmula:

$$R\text{min} = 0{,}026 \cdot V^2$$

Velocidade base 40 Km/h, radio mínimo =42 m.

4.1.5.- Pendentes máximas.

Aínda que se poden presentar casos moi particulares nos que se poida superar o 8% de pendente, non é conveniente que se proxecten os camiños rurais con pendentes superiores. Se ben os tractores con remolque poden subir por camiños con pendentes maiores, a baixada con carga no remolque pode ser sumamente perigosa, sobre todo en días de chuvia nos que o firme se fai escorregadizo. O enganche do tractor co remolque é xeralmente articulado sobre un eixe, e un deslizamento lateral do remolque, cuxa probabilidade aumenta coa pendente, pode provocar situacións graves non desexadas.

Non obstante, e para evitar grandes movementos de terras e facilitar o posterior acceso ás fincas de reemprazo, pode superarse a cifra citada, alcanzando

ata o 18%, pero en tramos curtos e intermedios, ata 250 m., pero sempre con pendentes menores nos tramos anterior e posterior.

4.1.6.- Cambios de rasante.

Nos cambios de rasante, con paso dunha pendente a outra de distinta magnitude, e con igual ou diferente signo, proxectaranse curvas verticais, co obxecto de evitar o efecto de despegue ou de choque, o que facilitará ademais a visibilidade.

Os acordos faranse con curvas de trazado circular, cos seguintes raios:

$R_{CX} > 0{,}2 \cdot V^2 = 0{,}2 \cdot 40^2 = 320$ para acordos convexos.
$R_{CV} > 0{,}1 \cdot V^2 = 0{,}1 \cdot 40^2 = 160$ para acordos cóncavos

4.1.7.- Intersecciónss e entroncamentos.

As intersecciónss entre camiños e accesos a estradas, realizaranse cos conseguintes entroncamentos, proxectados seguindo as prescriciónss dos titulares das estradas. Os entroncamentos entre camiños realízanse de xeito que exista visibilidade suficiente para que os vehículos se poidan deter antes do punto de unión, mentres que os entroncamentos coas estradas proxectáronse tendo en conta todas as condiciónss especiais exixidas polas disposiciónss legais vixentes dos Organismos aos que pertencen.

4.2.- Localización, Datos Básicos e Características Xerais dos Camiños Proxectados.

A localización, datos básicos e características xerais dos distintos camiños, atópanse recollidas e especificadas nos planos e anexos dos presente proxecto.

A lonxitude total dos camiños proxectados é de **11.382,98 m**. divididos en **3.861,08 m. (34%)** de camiños de nova apertura e **7.521,90 m. (66%)** onde se acondicionan camiños existentes plenamente.

CAMIÑO	LONXITUDE TOTAL (m)	LONXITUDE PARCIAL (m)	TIPO	SECCIÓN TIPO	ANCHO RODADURA
A	474,33	186,60	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO II	6
		287,73	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV	
B	194,21	194,21	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO III (2)	4
C	707,28	67,96	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV (2)	5
		212,6	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	

CAMIÑO	LONXITUDE TOTAL (m)	LONXITUDE PARCIAL (m)	TIPO	SECCIÓN TIPO	ANCHO RODADURA
		213,15	CAMIÑO NON CATASTRADO EXISTENTE	TIPO VI (2)	
		213,91	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	
C-2	449,61	449,61	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	5
D	1307,83	268,23	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	
		97,27	CAMIÑO NON CATASTRADO EXISTENTE	TIPO IV (2)	
		215,92	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV (2)	
		283,09	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	5
		171,30	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	
		76,20	CAMIÑO NON CATASTRADO EXISTENTE	TIPO VI (2)	
		142,18	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	
		53,64	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	
E	330,57	240,98	CAMIÑO NON CATASTRADO EXISTENTE	TIPO IV (2)	5
		89,59	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	
F	386,44	386,44	CAMIÑO DE NOVA APERTURA ASFALTADO	TIPO VIII	6
F-1	1741,72	604,67	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	
		307,76	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV (2)	5
		277,03	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	
		552,26	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV (2)	
H	163,54	163,54	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV (2)	5
I	1393,01	883,51	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	
		282,48	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IX	
		53,74	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO XI	5
		46,65	CAMIÑO EXISTENTE MEJORABLE	TIPO IX	
		126,63	CAMIÑO EXISTENTE MEJORABLE	TIPO VI (2)	
I-1	578,40	443,35	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV	5
		135,05	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I	
I-1-2	716,31	217,32	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO X	
		139,7	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	5
		359,29	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	
I-2	560,62	127,08	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV (2)	
		194,62	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	5
		238,92	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV (2)	
J	383,32	72,32	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VII	6
		311,00	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO II	

CAMIÑO	LONXITUDE TOTAL (m)	LONXITUDE PARCIAL (m)	TIPO	SECCIÓN TIPO	ANCHO RODADURA
K	412,86	412,86	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	5
L	517,13	517,13	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	5
M	199,89	199,89	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO V	6
N	690,98	378,64	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	5
		100,65	CAMIÑO DE NOVA APERTURA	TIPO I (2)	
		128,74	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	
		82,95	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO IV (2)	
N-1	174,93	174,93	CAMIÑO EXISTENTE MELLORABLE	TIPO VI (2)	5

4.2.1.- Afirmado.

Como norma xeral os camiños terán un acabado en terra, exceptuando os camiños A, I-2, J e M que serán con 15 cm de ZA 0/40, o camiño F con 10 cm de ZA 0/40 + 15 cm de macadam 40/70 e triple tratamento superficial e un tramo do camiño N con formigón e mallazo. Os entronques con viais de titularidade autonómica afirmaranse con mezcla bituminosa en quente.

4.2.2.- Obras de fábrica.

Considérase a execución das correspondentes obras de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias, que se desenvolven no Anexo nº4 Hidroloxía e drenaxe.

Como elementos de drenaxe lonxitudinal considéranse as gabias, cruces da cuneta para desaugadoiro e evacuación de puntos baixos, salvagabias e canos para a reposición de regos.

As cunetas serán en terra de 1 m. de ancho e 0,5 m. de profundidade e os cruzamentos, salvagabias e regos executaranse con canos de Ø400 m.

Como elementos de drenaxe transversal considéranse aqueles canos e estruturas executadas en vaguadas naturais e cursos fluviais, para cuxa execución será necesario solicitar permiso a AUGAS DE GALICIA, dependente da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda.

O diámetro mínimo a executar nestas obras será de diámetro 400 m.

Nestes casos, realizouse o cálculo do caudal de deseño polo Método Racional, seguindo o procedemento da nova Norma 5.2 – IC Drenaxe Superficial da Instrución de Estradas, aprobada por Orde FOM/298/2016, do 15 de febreiro. Considerouse como caudal de deseño o correspondente ao período de retorno de 100 anos.

No camiño A, F-1 e I instalaranse marcos de HA de 3,0x2,0 m. de sección libre e as aletas serán de muros de escolleira granítica tamaño 30/60 cm.

4.2.3.- Sinalización.

Nos entroncamentos entre os camiños coas estradas, proxéctase a colocación de sinalización vertical axeitada, así mesmo, tamén se colocarán as correspondentes sinais naqueles cruces de camiños con pouca visibilidade, e naqueles cunha pendente lonxitudinal elevada colocaranse sinais indicadoras de perigo.

4.2.4.- Servizos Afectados, Permisos e Licenzas.

No que se refire a servizos afectados e dado que as obras proxectadas son a apertura de novos camiños e a mellora dos existentes que discorren ao longo de toda a superficie da zona, é preciso executar obras especiais (pasos por leitos,... etc.).

Por iso, para a execución das obras deste proxecto terase en conta os servizos afectados para coordinar os traballos cos organismos pertinentes sendo necesario solicitar as autorizacións, permisos, licenzas ou concesións administrativas aos seguintes organismos e entidades:

- **Rede autonómica de estradas de Galicia e Deputación Provincial de Pontevedra (Servizo de estradas),** en relación á posible afección da rede de camiños a estradas existentes na zona de actuación.
- **Augas de Galicia:** afección a Dominio Público Hidráulico, en canto a leitos superficiais (desaugadoiros, arroios e ríos), cruces e pasos con infraestrutura existente.

- **Compañías eléctricas**: cruces con liñas eléctricas existentes.

- **Compañías telefónicas**: afección a rede de camiños ás liñas telefónicas existentes.

Ademais será necesario solicitar as autorizacións ou concesións administrativas aos organismos pertinentes que establezan directrices sobre:

- Bens de patrimonio histórico.
- Áreas naturais de especial interese.
- Protección de riscos (inundación, erosión, contaminación acuíferos, etc.).

4.2.5.- Varios

- Previuse a colocación de dous carteis das obras segundo modelo da Consellería do Medio Rural.

5.- XEOLOXÍA E XEOTECNIA.

No Anexo nº1 inclúe o estudo xeotécnico ten por obxecto coñecer as características físicas e mecánicas dos solos polos que discorren as trazas dos camiños, para así, poder determinar a súa admisibilidade como materiais na construción das explanacións e identificar os materiais de desmonte que poidan empregarse na construción dos terrapléns. Por outro lado, e a partir do coñecemento do substrato no que terá que apoiarse a base, determinaranse os espesores dos firmes.

Para a realización da **Zona de Reestruturación Parcelaria de Oleiros** realízase o presente estudo co fin de caracterizar xeolóxica e xeotécnicamente os terreos onde se prevé situar a infraestrutura que compón o desenvolvemento do citado proxecto.

Dado a velocidade de proxecto, e o emprego eminentemente agrícola da obra a realizar, proxéctase un paquete de firmes de saburra artificial de canteira de 15 cm. de espesor compactada ao 95% do Proctor modificado sobre material de préstamo debidamente colocado e compactado.

No caso da existencia de camiños con saburra, regularase a compactación desta, ata conseguir a proxectada e realizarase o reforzo necesario hasta acadar, polo menos, o espesor mínimo de 15 cm.

Igualmente, no Anexo nº1 recóllense unha serie de recomendacións a seguir na realización do movemento de terras.

Non obstante, se xurdiran imprevistos na fase de replanteo, realizarase o estudo xeolóxico pertinente.

6.- MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS.

No anexo nº3 (Memoria Ambiental) descríbense as acción e os efectos mais significativos do proxecto. Así mesmo, establécense cada unha das medidas de integración derivadas deles e o seu correspondente seguemento ambiental.

No anexo nº10 (Adecuación Ambiental e Paisaxística) recóllense as medidas necesarias para lograr a maior integración ambiental e paisaxística posible das actuacións que se levarán a cabo para a execución dos camiños e que se tiveron en conta para o deseño da nova rede de camiños.

Como separata 1 inclúese o "Documento ambiental da zona de concentración parcelaria de Oleiros (Silleda-Pontevedra)", redactada polo Enxeñeiro Agrónomo Victor Manuel de la Cruz Vigo, que recolle os posibles efectos sobre o medio ambiente das actuación derivadas da execución do Proxecto donde se recolle unha "Prospección Arqueolóxica Superficial Intensiva" redactado polo arqueólogo Pablo Vázquez Liz.

6.1.- Espazos naturais.

Para o análise das actuacións que teñen algún tipo de afección a zonas protexidas ambientalmente comprobáronse as seguintes figuras de protección.

- Rede Natura 2000 (LIC e ZEPA)
- Parques naturais
- Parques nacionais
- Humidais de importancia internacional (RAMSAR)
- Paisaxes naturais
- ENIL Espazos naturais de interese local
- EPIN Espazos privados de interese natural
- Árbores senlleiras ou mouteiras protexidas
- Reservas de caza
- Monumentos naturais
- Hábitats (Directiva 92/43/CEE)
- Inventarios de humedais de Galicia
- Reservas da Biosfera
- Sitios de interese natural
- Cotos de pesca
- IBA (Areas importantes para as aves)

As actuacións do presente proxecto non discorren polo interior de ningún espazo definido na Rede Natura 2000.

6.2.- Patrimonio Histórico-Artístico.

Para a avaliación dos posibles impactos sobre os elementos do Patrimonio Histórico-Artístico existentes na zona, tívose en conta "Prospección Arqueolóxica Superficial Intensiva" redactada polo arqueólogo Pablo Vázquez Liz.

Achégase a continuación un cadro resumo co listado dos Bens Patrimoniais que conforman o Catálogo.

ELEMENTOS PATRIMONIALES IDENTIFICADOS			
Clave	**Nome**	**Tipo de Evidencia/ Tipoloxía**	**Adscrición cronocultural**
CPOS08-01	*Castro de Orelas-GA27052060*	Xacemento/Asentamento fortificado	Idade do Ferro-Época Romana
CPOS08-02	*Pazo de Marza*	Arquitectura Civil/ Pazo	Idade Moderna
CPOS08-03	*Casa popular de Marza*	Arquitectura Civil/ Casa popular	Idade Contemporánea
CPOS08-04	*Muíño do Cachofeiro*	Elemento Etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Contemporánea
CPOS08-05	*Igrexa de S. Miguel*	Arquitectura Relixiosa/ Lugar cultual	Idade Media
CPOS08-06	*Cruz da Igrexa*	Elemento Etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Moderna-Contemporánea
CPOS08-07	*Casa Grande da Casanova*	Arquitectura Civil/ Casa Grande	Idade Moderna-Contemporánea
CPOS08-08	*Túmulo de Valbudín*	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final-Idade do Bronce
CPOS08-09	*Castro Montaz/Eira dos Mouros*	Xacemento/Asentamento fortificado	Idade do Ferro-Época Romana
CPOS08-10	*Petroglifo de Laxe 2-GA36052064*	Xacemento/Gravado rupestre	Idade Moderna
CPOS08-11	*Petroglifo de Pena das Cazolas-GA36052058*		Idade do Bronce
CPOS08-12	*Petroglifo de Chao de Petos 2-GA36052067*		Idade do Bronce
CPOS08-13	*Mámoa de Chao de Petos 1-GA36052059*	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final-Idade do Bronce
CPOS08-14	*Petroglifo de Chao de Petos 1-GA36052069*	Xacemento/Gravado rupestre	Idade do Bronce
CPOS08-15	*Petroglifo de Laxe 1-GA36052111*	Xacemento/Gravado rupestre	Idade do Bronce
CPOS08-16	*Mámoa de Laxe-GA36052113*	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final-Idade do Bronce
CPOS08-17	*Casa de Benito Grande*	Arquitectura Civil/ Casa Grande	Idade Moderna
ELEMENTOS PATRIMONIALES IDENTIFICADOS			
Clave	**Nome**	**Tipo de Evidencia/ Tipoloxía**	**Adscrición cronocultural**
CPOS08-18	*A Brea-REF.*	Referencia/Posible mosteiro	Indeterminado
CPOS08-19	*Muíño da Casanova*	Elemento Etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Contemporánea
CPOS08-20	*Muíño Relo*		
CPOS08-21	*O Muíño*		
CPOS08-22	*Muíño Novo*		
CPSM08-23	*Pena da Retorta-REF.*	Referencia/ Abrigo natural	Indeterminado
CPOS08-24	*Castro da Devesa/ Castro da Casanova*	Xacemento/Asentamento fortificado	Idade do Ferro-Época Romana

6.3.- Xestión de Residuos de construción e demolición.

En canto á xestión de residuos e en cumprimento co Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, (BOE Nº 38 de 13 de febreiro de 2008), inclúese o anexo Nº 8, un Estudo de Xestión de Residuos de Construción e Demolición que se producirán nas obras derivadas do proxecto, especificando, entre outros aspectos, unha estimación

da súa cantidade, as medidas xenéricas de prevención que se adoptarán, o destino previsto para os residuos, así como unha valoración dos custes derivados da súa xestión que forma parte do Orzamento Xeral do proxecto, recollida nun capítulo independente.

7. SEGURIDADE E SAÚDE.

En virtude da Lei 31/1995 de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a as súas posteriores modificacións, complementada co Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, e as súas posteriores modificacións, que implanta a obrigatoriedade da inclusión dun Estudo de Seguridade e Saúde no traballo de proxectos de obra pública ou privada, nos que se realicen traballos de construción e enxeñaría civil con orzamento de execución por contrata superior aos setenta e cinco millóns de pesetas (450.759,08 €), con mais de vinte traballadores simultaneamente, que o volume de man de obra estimada sexa superior a 500, entendendo por tal a suma de días de traballo do total de traballadores na obra que correspondan coa construción de presas, tuneis, galerías, etc., inclúese no anexo nº9 do correspondente Estudo de Seguridade e Saúde nas obras de Construción.

O orzamento de execución material deste apartado ascende a cantidade de ONCE MIL NOVECENTOS OITO EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (11.908,67 €).

8.- LEXISLACIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que se aproba da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que se establezan para a contratación desta Obra.
- Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de obras do Estado, segundo Decreto 3854/1970, de 31 de decembro.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubaxes de abastecemento, segundo Orde de 28 de xullo de 1974.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para tubaxes de saneamento, segundo Orde de 15 de setembro de 1986.
- Instrución para a Recepción de Cementos (RC-16), segundo Real Decreto 256/2016, de 10 de xuño.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes (PG-3/75), segundo Orde de 6 de febreiro de 1976.

- Instrución de Formigón Estrutural (EHE), segundo Real Decreto 2661/1998, de 11 de decembro, modificado polo Real Decreto 996/1999, de 11 de xuño.
- Real Decreto, de 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.
- Regulamento electrotécnico para baixa tensión (Decreto 842/2002).
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Regulamento dos servizos de prevención.
- Regulamento sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de Construción. (Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, B.O.E. 25-10-97)
- Real Decreto 105/2008 polo que se regulan a produción e xestión de residuos de construción e demolición.
- Estatuto dos traballadores.
- Convenio colectivo Provincial da Construción.
- Plan urbanístico vixente
- Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

Todos estos documentos obrigan na súa redacción orixinal cas modificacións posteriores, declaradas de aplicación obrigatoria, a que se declaren como tales durante o prazo de execución das obras desta memoria.

Será responsabilidade do contratista coñecelas e cumprilas, sen poder alegar en ningún caso que non se lle fixera comunicación explícita ao respecto.

Ademais, teranse en conta as seguinte normas construtivas:

- Como norma xeral, adóptanse noiros en desmontes e terrapléns de pendente 1/1 e 1/1, respectivamente.
- Os terrapléns executaranse por tongadas de espesor acorde coa maquinaria a empregar para alcanzar a densidade esixida, debendo ser consolidada cada tongada antes de engadir a seguinte.
- A capa vexetal superficial, non será utilizada para a compensación de terras e verterase fóra dos límites da área de explanación do camiño e estenderase sobre as leiras colindantes en época fora de cultivo ou empregarase na rexeneración de noiros.
- Os formigóns executaranse coa resistencia característica que figura nos cadros de prezos e estado de medicións.
- A apertura de gabias en cada camiño, deberá realizarse inmediatamente logo da explanación do camiño en cuestión, ao obxecto de defendelo de posibles asolagamentos debidos ás augas superficiais.

· Respectarase a vexetación de ribeira e no caso dos camiños no entorno de cauces fluviais, os restos do desbroce e a terra vexetal acopiaranse na marxe contraria ao cauce.
· A contrata deberá axustarse estritamente aos prazos parciais e total de execución das obras que figuran no Prego de Condicións Administrativas de contratación que rexe para o Proxecto.
· A efectos da súa medición e abono, corresponde á Dirección das Obras catalogar todo o que expresamente non estivese establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, para o que regularase polas normas contidas na lexislación vixente aplicable a este tipo de obras.

9. NORMAS CONSTRUTIVAS.

Esixiranse as normas construtivas que aparecen no prego de condicións, ademais das normas de carácter xeral vixente.

Nos prezos unitarios entenderanse contidos os medios auxiliares, ferramentas e dispositivos precisos para a completa terminación da obra.

As unidades de obra deben estar totalmente rematadas ainda que algúns elementos non aparezan taxativamente determinados nos cadros de prezos e Orzamentos.

10. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS.

10.1.- Xustificación de obra completa.

A tenor do regulado da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o proxecto contén memoria, os planos de conxunto e detalles necesarios, o prego de prescricións técnicas particulares, o orzamento, un programa de desenvolvemento dos traballos e un estudo seguridade e saúde formando así unha obra completa.

Por conseguinte, esta obra pode ser posta en funcionamento independentemente de calquera outra, pola que unha vez executada, poderá cumprir cos fins a que se destinasen, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e comprende todos e cada un dos elementos que son precisos e necesarios para a súa correcta utilización.

10.2.- Autorizacións administrativas.

Os camiños e obras situados nas zonas de concentración parcelaria non necesitan de autorizacións dos propietarios dos terreos que as ocupan.

10.3.- Programa de Traballos.

Con carácter indicativo e co fin de cumprimentar da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no anexo nº 7 *"Programa de Traballos"*, estableceuse un plan de obra ou programa de traballos a seguir na execución das diferentes obras e instalación de que consta o proxecto.

Neste anexo calcúlase a duración da obra, tendo en conta o rendemento do persoal e da maquinaria empregada na obra, así como os días de traballo efectivos ao ano, para o que se descontarás os días festivos e aqueles nos que as inclemencias climatolóxicas impidan ou dificulten a execución dos traballos. A programación realízase sobre un diagrama de barras (diagrama de Gantt), estudando as unidades de obra que se poden executar alternativamente ou secuencialmente.

Independentemente do programa de desenvolvemento dos traballos o plan de obra, que con carácter indicativo está contido neste Proxecto e reflectido no anexo nº7 "*Plan de obra"*, cando se estableza expresamente no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e sempre a que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o Contratista estará obrigado a presentar á Dirección de Obra un Programa de traballo no prazo máximo de trinta (30) días, contados dende a formalización do contrato.

O órgano de contratación resolverá sobre o programa de traballo dentro dos quince (15) días seguintes á súa presentación, podendo impoñer a introdución de modificacións ou o cumprimento de determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

No programa de traballo a presentar, no seu caso, polo Contratista, incluirase especificación de prazos parciais e data de terminación das distintas unidades de obra compatibles co prazo total de execución, indicando a orde en que debe proceder e os métodos polos que se propón levar a cabo as obras.

10.4.- Prazo de execución.

Segundo o indicado no Plan de Obra do Proxecto, recollendo a experiencia de anteriores obras construídas con semellantes características, tendo en conta as circunstancias desfavorables que puidesen concorrer nunha obra desta envergadura (inclemencia do tempo, problemas laborais, demoras nos prazos de entrega por parte dos subministradores, non dispoñibilidade de terreos, etc.) e debido ás dimensións e volume da obra, proponse un prazo de execución total de doce (12) meses, prazo que se considera necesario e suficiente para a terminación das obras previstas no presente proxecto.

Aínda así, o prazo de execución da totalidade das obras obxecto deste Proxecto será o que se fixe no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Contrato, a contar a partir do día seguinte da data da Acta de comprobación do replanteo e autorización do comezo.

10.5.- Clasificación do contratista.

Segundo o artigo 77 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o importe mínimo a partir do cal se esixirá a clasificación das empresas que concorran á formalización de contratos de obras é de 500.000,00 euros.

Dado o tipo de obras a executar e que o prazo de execución é un ano, a efectos de clasificación a anualidade media é o presuposto total (sen IVE): **1.232.569,08 €**

Correspóndelle polo tanto a seguinte clasificación:

GRUPO: **G** Viais e pistas
SUBGRUPO: **6** sen cualificación específica
CATEGORÍA: **4** anualidade excede 840.000 e non supera 2.400.000 €

10.6.- Revisión de prezos.

Dado o reducido prazo de execución da presente obra (inferior a un ano) non se inclúe fórmula de revisión de prezos, entendéndose que serán fixos para toda a obra *(Lei 9/2017)*.

10.7.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía das obras será de **DOCE MESES** contados a partir da data do día seguinte ao da sinatura do Acta de Recepción.

Do mesmo xeito terase en conta o artigo 167 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E nº 257 de 26 de outubro) que aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que se refire as obrigacións do contratista durante o prazo de garantía, sempre que ditos danos sexan imputables a contrata, segundo establece o artigo 171 do Regulamento Xeral de Contratación.

11. DOCUMENTOS DO PRESENTE PROXECTO.

O presente proxecto está formado polos seguintes documentos:

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS

Memoria.
Anexo 1.- Estudo Xeolóxico
Anexo 2.- Trazado
Anexo 3.- Memoria ambiental
Anexo 4.- Hidroloxía e drenaxe
Anexo 5.- Clasificación e Xustificación de prezos
Anexo 6.- Análise orzamentario
Anexo 7.- Programa de Traballos
Anexo 8.- Xestión de Residuos
Anexo 9.- Estudo de Seguridade e Saúde
Anexo 10.- Adecuación ambiental e Paisaxística
Anexo 11.- Normativa de Aplicación

DOCUMENTO Nº 2: PLANOS

Plano Nº 1.- Localización
Plano Nº 2.- Situación e Emprazamento
Plano Nº 3.- Plantas Xerais de Actuacións
Plano Nº 4.- Perfiles Lonxitudinais e Transversais
Plano Nº 5.- Detalles Rede de Camiños

DOCUMENTO Nº 3: PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

DOCUMENTO Nº 4: ORZAMENTO

SEPARATA Nº I: DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

12.- PLANOS.

No Documento nº 2 Planos defínense as obras, e danse os detalles necesarios para a correcta interpretación das obras a executar.

13.- PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES.

No Prego de Prescricións Técnicas Particulares que se inclúe no presente proxecto como Documento nº3, regula as condicións de tipo técnico que deben cumprir os diferentes materiais, así como tamén a execución das obras con expresión da forma en que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnica que correspondan ao contratista, o xeito en que se levarán a cabo a medición e valoración das unidades executadas e o control da calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

14.- ORZAMENTO.

Preséntase o Documento nº 4 *"Orzamento",* as medicións, no cadro de prezos nº1 (presos das unidades de obra), no cadro de presos nº2 (presos descompostos), os orzamentos parciais e o resumo xeral de orzamentos.

Para configurar as unidades de obra do proxecto, maioritariamente utilízanse os prezos unitarios da tarifa vixente da Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA), é dicir, os prezos da tarifa TRAGSA 2019.

Así mesmo, confeccionáronse aquelas unidades de obra non existentes nas tarifas TRAGSA 2019 a partir dos prezos simples de ditas tarifas, incluíndo os novos costes a engadir na unidade creada a partir das tarifas de mercado actuais subministradas polos fabricantes correspondentes.

No anexo nº 5 "Clasificación e *Xustificación de Prezos"*, determínanse os prezos unitarios, auxiliares e descompostos que se utilizaron no proxecto, de execución material das diferentes unidades de obra do proxecto a partir dos costes horarios da man de obra e da maquinaria, e do coste dos materiais a pé de obra.

14.1.- Orzamento Base de Execución por Licitación.

O Orzamento Base de Execución por Licitación queda desagregado como segue:

01	CAMIÑOS	1.015.113,15 €
02	MEDIO AMBIENTE	5.324,71 €
03	SEGURIDADE E SAÚDE	11.908,67 €
04	XESTIÓN DE RESIDUOS	3.425,81 €
	TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL (P.E.M.):	**1.035.772,34 €**
	Gastos xerais 13,00 % s/ 1.035.772,34	134.650,40 €
	Beneficio industrial 6,00 % s/ 1.035.772,34.....	62.146,34 €
	SUMA:	**1.232.569,08 €**
	I.V.E. (21,00%) s/ 1.232.569,08	258.839,51 €
	..... Suma:	1.491.408,59 €
	Total Orzamento de Execución por LICITACIÓN:	**1.491.408,59 €**

Ascende o orzamento xeral á expresada cantidade de **UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E UN MIL CATROCENTOS OITO EUROS E CINCOENTA E NOVE CÉNTIMOS.**

15.- CONCLUSIÓNS E PROPOSTA DE APROBACIÓN.

Nos termos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, redáctase este proxecto de obra cos contidos exixibles e de conformidade a Regulamentos, Prescricións e Normas Técnicas vixentes na actualidade, como requisito de actuación para poder ser adxudicado a través dun contrato de obras para a súa execución.

Cumprimentada a orde de redacción, alcanzados todos os obxectivos previstos e considerando debidamente xustificada a necesidade da súa realización, como se puxo de manifesto nos apartados anteriores desta memoria e nos documentos do proxecto, maniféstase que as obras e instalacións incluídas no presente proxecto están suficientemente definidas e valoradas para a súa execución, propoñéndose para a súa aprobación polo Órgano competente na materia, se procede.

Pontevedra, xullo de 2019

O técnico da empresa colaboradora:

D. José Martín Vázquez Morandeira
Enx. De Montes

O Director Técnico:

D. Manuel Almansa Hermida
Enx. Técnico Agrícola

Visto e prace Xefa do Servizo
de Infraestruturas Agrarias:

Dna. María José Pérez Gil

ANEXO Nº 1

ESTUDO XEOTÉCNICO

ÍNDICE

1.- INTRODUCIÓN 1

2.- ESTUDO DO TERREO NATURAL. 2

3. DATOS CONCRETOS DA ZONA DE ESTUDO 3

4. MATERIAIS A EMPREGAR 7

5.- PROBAS QUE SE DEBEN REALIZAR DURANTE A EXECUCIÓN DOS CAMIÑOS 8

5.1.- Movementos de Terras..... 8
5.2.- Execución do Firme..... 10

6.- DIMENSIONAMENTO DA PLATAFORMA 11

6.1.- Análise Dos Tipos de Solo. 11
6.2.- Avaliación da Intensidade Media Diaria. 11
6.2.1. Método do Índice do Grupo. 12
6.2.2. Método do Índice do C.B.R. 13
6.2.3. Ábacos de Steel. 14
6.3. Execución do Firme. 14

1.- INTRODUCIÓN

O presente estudo xeotécnico ten por obxecto coñecer as características físicas e mecánicas dos solos polos que discorren as trazas dos camiños, para así, poder determinar a súa admisibilidade como materiais na construción das explanacións e identificar os materiais de desmonte que poidan empregarse na construción dos terrapléns. Por outro lado, e a partir do coñecemento do substrato no que terá que apoiarse a base, determinaranse os espesores dos firmes.

Para a realización da **Zona de Reestruturación Parcelaria de Oleiros** realízase o presente estudo co fin de caracterizar xeolóxica e xeotécnicamente os terreos onde se prevé situar a infraestrutura que compón o desenvolvemento do citado proxecto. Por ese motivo elabórase un plan de traballo que permita alcanzar os obxectivos que se citan no punto seguinte, o plan de traballo desenvólvese en dúas etapas:

Etapa primeira:

- Elaboración do plano xeolóxico.
- Recompilación e consulta da información dispoñible da zona, como a cartografía xeolóxica do MAGNA, escala 1/50.000.
- Recoñecemento preliminar da área co fin de planificar a campaña de investigación máis axeitada, de acordo ás características do Proxecto a desenvolver.

Segunda etapa:

- Execución do programa de investigación.
- Labores de caracterización xeomecánica do chan.

O estudo está encamiñado a obter a seguinte información:


- Recoñecemento dos distintos materiais que constitúen o subsolo da zona daquelas áreas nas que se prevén escavacións, cimentacións ou solicitacións.
- Determinar as características xeotécnicas e hidroxeolóxicas dos diferentes niveis diferenciados.
- Identificación.
- Propiedades de estado.
- Parámetros resistentes (fundamentalmente de corte).
- Posición do nivel freático

2.- ESTUDO DO TERREO NATURAL.

Pretendeuse recoñecer as características dos materiais que constitúen o substrato base da área de estudo.

Utilizáronse os datos do mapa Xeolóxico de España, **escala 1:50.000 do I.X.M.E., folla nº 153 (05-09) Cerdedo.**

Na seguinte imaxe aparece a Comunidade Autónoma xunto cos distintos tipos de xeoloxía que nos podemos atopar. A zona de estudo atópase dentro do círculo de cor negra:



Mapa Geológico de Galicia. Fuente: IGME Y SITGA.

Xeolóxico de *Galicia. Fuente:* IGME e *SITGA.*

Para entender mellor este mapa, simplificaremos dicindo que se poden distinguir tres zonas principais:

- En *cor vermello,* está a metade occidental de Galicia na que predominan os materiais ígneos, sobre todo **granitos.**
- En *cor verde,* que atoparemos sobre todo na zona central, será unha zona granítica na que se incrustan materiais metamórficos de tipo **xisto (esquisto).**
- En *cor gris* claro, na franxa oriental, o material dominante son as **lousas (pizarra).**

Ademais destas tres zonas principais tamén aparecen outros moitos materiais entre os que destacan:

- As rochas ultrabásicas do chamado complexo Ortegal, marcadas en cor *azul* escura, no que se atopan os materiais mais antigos de toda Europa: serpentinitas, dunitas, ecloxitas...
- En *cor marrón* alaranxado, as mínimas **franxas calizas** presentes no Courel ou en Mondoñedo.
- As pequenas cuncas sedimentarias mesozoicas (en cor amarelo) e **cuaternarias** (en *cor violeta*) de: As Pontes, Sarria, Monforte, Valdeorras, Quiroga, Maceda, Xinzo, Verín...

3. DATOS CONCRETOS DA ZONA DE ESTUDO

Na zona de estudo hai dúas unidades ben diferenciadas: na de maior altitude o Granito de dúas micas de grao fino a medio correspondendo con escaseza de vexetación, e xistos micáceos que se corresponden coa zona de menor altitude, onde están os núcleos de poboación.

XEOLOXÍA

Xeolóxicamente a zona de estudo atópase situada, dende o punto de vista paleoxeográfico, na zona Galaico-Castelá de LOTZE ou na zona Galicia Media –Trasos - Montes de MATTE. Esta última zona caracterízase por:

a. A ausencia de afloramentos *devónico-carboníferos*.
b. Presenza dun *Ordovícico superior* e un *Silúrico esquistoso* moi potentes.
c. Ausencia total do *Cámbrico* en certos puntos da zona.
d. A presenza dun *Précambrico porfiroide*.
e. A presenza dun *Précambrico antigo*, esencialmente constituído de rochas básicas metamorfizadas.

EDAFOLOXÍA

Os solos da Unidade de Lalín aséntanse sobre granitos ou sobre materiais esquistosos e paragnéisicos.

Os solos situados en ladeiras con moderada inclinación son solos pouco desenvoltos normalmente cunha secuencia de horizontes A/C e mesmo A/R con muy poco espesor de solo.

En cambio, en zonas máis chans e en posicións de fondo, atopamos solos moito máis profundos desenvolvidos sobre materiais metamórficos e con presenza no seu perfil característico de horizontes B con maior ou menor desenvolvemento. A secuencia de horizontes é A/B/C ou A/B/R nos solos non cultivados e Ap/B(o Bw)/C nos terreos labrados habitualmente.

En ambos casos os horizontes superficiais presentan coloracións oscuras con abundante presenza de carbono orgánico (cores algo máis claros en horizontes Ap). A súa clasificación máis axustada (Soil Taxonomy) son dúas clases:

Leptosol úmbrico
Umbrisol húmico


A continuacion amósanse dúas imaxes da constitucion do terreo da zona así como dos arredores do Parroquia de Oleiros:


ANEXO Nº 1: ESTUDO XEOTÉCNICO

MAPA GEOLÓGICO DE ESPAÑA
Escala 1:50.000

Instituto Geológico y Minero de España


CERDEDO	153
	05-09






LEYENDA


DOMINIO DE LA UNIDAD DE LALIN




DOMINIO DE LA SERIE DE FORCAREY



DOMINIO EXTERNO Y DE ROCAS NO DIFERENCIADAS CON RESPECTO A LA UNIDAD DE LALIN Y LA SERIE DE FORCAREY



23 Aluviales
22 Esquistos micáceos, esquistos cuarcíticos y esquistos con porfiroblastos de plagioclasa
21 Cuarcita tableada
20a Esquistos micáceos, paragneises esquistosos y paragneises. Zona con abundantes inyecciones graníticas
20 Esquistos micáceos, paragneises esquistosos y paragneises
19 Esquistos micáceos y cuarcíticos
18 Ortogneis
17a Esquistos y paragneises. Zona con abundantes inyecciones graníticas
17 Esquistos y paragneises
16 Intercalaciones de anfibolita
15 Cuarcita negra
14 Granito de dos micas de grano fino a medio
13 Granito biotítico porfídico de grano medio a grueso
12 Granito de dos micas de grano medio a grueso. Con megacristales de feldespato potásico
11 Granito de dos micas inhomogéneo. Con megacristales de feldespáto potásico
10 Granodiorita precoz de grano fino a medio
9a Ortogneis de dos micas. Zona con abundantes inyecciones graníticas
9 Ortogneis de dos micas
8 Ortogneis glandular
8a Ortogneis glandular. Zona con abundantes inyecciones graníticas
7 Cuarzo
6 Dolerita
5 Diorita con hornblenda de grano medio a grueso
4 Lamprófido
3 Pegmaplita
2 Pegmatita de litio
1 Filón ácido mineralizado



4. MATERIAIS A EMPREGAR

Segundo o exposto nos apartados anteriores e fundamentándose nas limitacións impostas no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes, pódese establecer a validez dos materiais diferenciados neste estudo. A terra vexetal deberá ser retirada ao ser considerada inadecuada polo seu alto contido en materia orgánica.

Considerando o emprego de material xeolóxico para a formación das bases dos camiños, o material residual formado por "cuarcitas" considerase ADECUADO, e o material cuaternario de aluvión considérase TOLERABLE. Identificado como material A-l- A-3 (H.R.B) o primeiro, e como A-2 de xeito xenérico o segundo.

materia preventiva, centrada especificamente no posto de traballo ou función de cada traballador. Na súa aplicación, todos os operarios recibirán, ao ingresar na obra ou con anterioridade, unha exposición detallada dos métodos de traballo e os riscos que puidesen entrañar, xuntamente coas medidas de prevención e protección que deberán empregar. Os traballadores serán amplamente informados das medidas de seguridade persoais e colectivas que deben establecerse no tallo ao que están adscritos, repetíndose esta información cada vez que se cambie de tallo.

O contratista facilitará unha copia do plan de seguridade e saúde a todas as subcontratas e traballadores autónomos integrantes da obra, así como aos representantes dos traballadores.

Servizos de prevención e organización da seguridade e saúde na obra:

A empresa construtora vén obrigada a dispoñer dunha *organización especializada de prevención de riscos laborais,* de acordo co establecido no Real Decreto 39/1997, citado: cando posúa un equipo superior aos 250 traballadores, con Servizo de Prevención propio, mancomunado ou alleo contratado para tales efectos, en calquera caso debidamente acreditado ante a Autoridade laboral competente ou, en supostos de menores equipos, mediante a designación dun ou varios traballadores, axeitadamente formados e acreditados a nivel básico, segundo se establece no mencionado Real Decreto 39/1997.

A empresa contratista encomendará á súa organización de prevención a vixilancia de cumprimento das obrigas preventivas desta, plasmadas no *plan de seguridade e saúde da obra,* así como a asistencia e asesoramento ao Xefe de obra en cantas cuestións de seguridade se formulen ao longo da duración da obra.

Polo menos un dos traballadores destinados na obra posuirá formación e adestramento específico en primeiros auxilios a accidentados, coa obriga de atender á devandita función en todos aqueles casos en que se produza un accidente con efectos persoais ou danos ou lesións, por pequenos que estes sexan.

Todos os traballadores destinados na obra posuirán xustificantes de pasar recoñecementos médicos preventivos e de capacidade para o traballo a desenvolver, durante os últimos doce meses, realizados no departamento de Medicina do Traballo dun Servizo de Prevención acreditado.

O plan de seguridade e saúde establecerá as condicións en que se realizará a información aos traballadores, relativa aos riscos previsibles na obra, así como as accións formativas pertinentes.

1.8.2.- Modelo de organización da seguridade na obra

Ao obxecto de lograr que o conxunto das empresas concorrentes na obra posúan a información necesaria acerca da súa organización en materia de seguridade nesta obra, así como o procedemento para asegurar o cumprimento do plan de seguridade e saúde da obra por parte de todos os seus traballadores, dito plan de seguridade e saúde considerará a obriga de que cada subcontrata designe antes de comezar a traballar na obra, polo menos:

- **Técnicos de prevención** designados pola súa empresa para a obra, que deberán planificar as medidas preventivas, formar e informar os seus traballadores, investigar os accidentes e incidentes, etc.
- **Traballadores responsables** de manter actualizado e completo o arquivo de seguridade e saúde da súa empresa en obra.
- **Vixilantes de seguridade e saúde**, coa función de vixiar o cumprimento do plan de seguridade e saúde por parte dos seus traballadores e dos seus subcontratistas, así como daqueles que, aínda non sendo das súas empresas, poidan xerar risco para os seus traballadores.

Medidas de carácter dotacional

Servizo médico

A empresa contratista disporá dun Servizo de Vixilancia da Saúde dos traballadores segundo o disposto na Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Todos os operarios que empecen traballar na obra deberán pasar un recoñecemento médico xeral previo nun prazo inferior a un ano. Os traballadores que han de estar ocupados en traballos que esixan calidades fisiolóxicas ou psicolóxicas determinadas deberán pasar recoñecementos médicos específicos para a comprobación e certificación de idoneidade para tales traballos, entre os que se atopan os de gruístas, condutores, operadores de máquinas pesadas, traballos en altura, etc.

Botica de primeiros auxilios de obra

A obra disporá de material de primeiros auxilios en lugar debidamente sinalizado e de axeitado acceso e estado de conservación, o contido da cal será revisado semanalmente, repoñéndose os elementos necesarios.

Como mínimo ha de dispoñer de:
- Un frasco de auga osixenada
- Un frasco de alcohol 96º
- Un frasco de tintura de iodo
- Un frasco de mercurocromo
- Un frasco de amoníaco
- Un paquete de gasas esterilizadas
- Un paquete de algodón hidrófilo
- Un rolo de esparadrapo

- Un paquete de apósitos
- Un torniquete
- Unha bolsa para auga ou xeo
- Luvas esterilizadas
- Un termómetro clínico
- Xiringas desbotables
- Tesoiras

Instalacións de hixiene e benestar

De acordo co apartado 15 do Anexo 4 do Real Decreto 1627/97, a obra disporá das instalacións necesarias de hixiene e benestar.

Dadas as características habituais da obra, de linealidade e separación no espazo dos distintos tallos, o contratista poderá propoñer no seu plan de seguridade e saúde o uso para os traballadores de instalacións existentes na zona, logo de acordo cos seus propietarios e sempre que se cumpran as normas establecidas en Real Decreto mencionado. En todo caso os traballadores disporán de medios de transporte precisos para o uso destas instalacións, facilitados pola empresa contratista.

Asegurarase, en todo caso a subministración de auga potable ao persoal pertencente á obra.

Asistencia a accidentados

Deberase informar á obra da localización dos diferentes Centros Médicos (Servizos propios, Mutuas Patronais, Mutualidades Laborais, Ambulatorios, etc) onde debe trasladarse aos accidentados para o seu máis rápido e efectivo tratamento.

É moi conveniente dispoñer na obra, e en sitio visible, dunha lista cos teléfonos e dirección dos Centros asignados para urxencias, ambulancias, taxis, etc., para garantir un rápido transporte dos posibles accidentados aos Centros de asistencia.

Teléfonos xerais

Servizo de Emerxencias	112
Ambulancia	061
Policía Nacional	091
Policía Local	092
Bombeiros	080
Garda Civil	062

Teléfonos urxencias:

CENTRO DE SAÚDE LALÍN Rúa C 25 986 784625
FARMACIAS Rúa principal 15, Lalín 986 780332
Rúa Matemático Rodríguez 11, Lalín 986787178
Rúa Colón 3, Lalín 986780045



CENTRO DE SAÚDE DE LALÍN

Medidas xerais de carácter técnico

O plan de seguridade e saúde da obra establecerá co detalle preciso os accesos e as vías de circulación e aparcamento de vehículos e máquinas na obra, así como as súas condicións de trazado, drenaxe e afirmado, sinalización, protección e balizamento. Os *valos autónomos* de protección e delimitación de espazos estarán construídas a base de tubos metálicos soldados, terán unha altura mínima de 90 cm e estarán pintadas en branco ou en cores amarelo ou laranxa luminosos, manténdose a súa pintura en correcto estado de conservación e non debendo presentar indicios de óxido nin elementos dobrados ou rotos.

En relación coas instalacións eléctricas de obra, a resistencia das *tomas de terra* non será superior a aquela que garanta unha tensión máxima de 24 V, de acordo coa sensibilidade do interruptor diferencial que, como mínimo, será de 30 mA

para iluminación e de 300 mA para forza. Comprobarase periodicamente que se produce a desconexión ao accionar o botón de proba do *diferencial,* sendo absolutamente obrigatorio proceder a unha revisión deste por persoal especializado, ou substituílo cando a desconexión non se produce. Todos os elementos eléctricos, como fusibles, curtocircuítos e interruptores, serán de equipo pechado, capaces de imposibilitar o contacto eléctrico fortuíto de persoas ou cousas, ao igual que os bornes de conexións, que estarán provistas de protectores axeitados.

Disporanse *interruptores,* un por enchufe, no cadro eléctrico xeral, ao obxecto de permitir deixar sen corrente os enchufes nos que se vaia conectar maquinaria de 10 ou máis amperios, de maneira que sexa posible enchufar e desenchufar a máquina en ausencia de corrente. Os *taboleiros portantes de bases de enchufe* dos cadros eléctricos auxiliares fixaranse eficazmente a elementos ríxidos, de forma que se impida o desenganche fortuíto dos condutores de alimentación, así como contactos con elementos metálicos que poidan ocasionar descargas eléctricas a persoas ou obxectos.

As *lámpadas eléctricas* portátiles terán mango illante e dispositivo protector da lámpada, tendo alimentación de 24 voltios ou, no seu defecto, estar alimentadas por medio dun transformador de separación de circuítos.

Todas as *máquinas eléctricas* disporán de conexión a terra, con resistencia máxima permitida dos electrodos ou placas de 5 a 10 ohmios, dispoñendo de cables con dobre illamento impermeable e de cuberta suficientemente resistente. As mangueiras de conexión ás tomas de terra levarán un fío adicional para conexión ao polo de terra do enchufe.

Os *extintores* de obra serán de po polivalente e cumprirán a Norma UNE 23010, colocándose nos lugares de maior risco de incendio, a unha altura de 1,50 m sobre o chan e axeitadamente sinalizados.

O plan de seguridade e saúde desenvolverá detalladamente estas medidas xerais a adoptar no curso de a obra, así como cantas outras se consideren precisas, propoñendo as alternativas que o contratista considere convenientes, no seu caso.

1.8.3.- Prevención de riscos de danos a terceiros

Sinalizarase, de acordo coa normativa vixente, o enlace coas pistas e camiños, tomándose as axeitadas medidas de seguridade que cada caso require.

Sinalizaranse os accesos naturais á obra, prohibíndose o paso a toda persoa allea a esta, colocándose no seu caso os cerramentos necesarios.

No que se refire a risco por voadura de rocha, tomaranse as medidas preventivas necesarias para que tales voaduras non produzan danos en persoas ou bens próximos (cortes de tráfico na estrada existente, protecciónss mallas, persoal de aviso, limpeza mecanizada inmediatamente despois de cada voadura, etc.).

1.9.- CONCLUSIÓN

O estudio de seguridade e saúde que se elaborou comprende a previsión das actividades construtivas proxectadas e os riscos previsibles na execución das mesmas, así como as normas e medidas preventivas que haberán de adoptarse na obra, a definición literal e gráfica precisa das protecciónss a utilizar, as súas respectivas medicións e prezos e o presuposto final do estudio.

Sobre a base de tales previsións, o contratista elaborará e proporá o plan de seguridade e saúde da obra, como aplicación concreta e desenvolvemento deste estudio, así como de presentación e xustificación das alternativas preventivas que se xulguen necesarias, en función do método e equipos que en cada caso se vaian utilizar na obra.

En relación con tal función e aplicacións, o autor do presente estudio de seguridade e saúde estima que a redacción das páxinas anteriores resulta suficiente para cumprir os devanditos obxectivos e para constituír o conxunto básico de previsións preventivas da obra a realizar.

1.10.- ORZAMENTO DO ESTUDO

O Orzamento de Execución Material do presente Estudo de Seguridade e Saúde ascende á cantidade de **ONCE MIL NOVECENTOS OITO EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (11.908,67 €)** e inclúese como capítulo do Orzamento Xeral da Proxecto.

Pontevedra, xullo de 2019

O técnico da empresa colaboradora:

D. José Martín Vázquez Morandeira
Enx. Montes


O Director Técnico:

D. Manuel Almansa Hermida
Enx. Técnico Agrícola

Visto e prace Xefa do Servizo
de Infraestruturas Agrarias:

Dna. María José Pérez Gil

2.- PLANOS.



DIMENSIONES EN mm		
L	L1	m
594	492	30
420	348	21
297	246	15
210	174	11
148	121	8
105	87	5



RIESGO DE INCENDIO


RIESGO DE EXPLOSION



CARGAS SUSPENDIDAS


RIESGO DE INTOXICACION


RIESGO DE GRAVILLAS


RIESGO ELECTRICO


PELIGRO


CAIDA DE OBJETOS


RIESGO DE DESPRENDIMIENTO


MAQ. PESADA EN MOVIMIENTO



RIESGO DE CAIDA


RIESGO DE CAIDA


ALTA PRESION


ALTA TEMPERATURA


BAJA TEMPERATURA


RADIACIONES LASER


RIESGO DE RADIACION


PASO DE CARRETILLAS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural.

PROXECTO DE REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS-SILLEDA (PONTEVEDRA)

ENX. AUTOR DO PROXECTO:
ENX MONTES
J. MARTIN VÁZQUEZ MORANDEIRA

ENX. DIRECTOR DO PROXECTO:
ENX. TÉCNICO AGRÍCOLA
D. MANUEL ALMANSA HERMIDA

Visto e prace XEFA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS:
Dña. MARÍA JOSÉ PÉREZ GIL

Tragsatec
GrupoTragsa


ESCALA:
SIN ESCALA

DATA:
Xullo 2019

TÍTULO:
ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD: SEÑALIZACIÓN DE SEGURIDAD. ADVERTENCIA DE PELIGRO

PLANO Nº: 1

HOJA Nº: 1 de 1



DIMENSIONES EN mm		
D	D1	m
594	534	30
420	378	21
297	267	15
210	188	11
148	132	8
105	95	5


USAR GAFAS


USAR MASCARA


USAR CASCO


USAR ANTIRRUIDO


USAR GUANTES


USAR BOTAS DE SEGURIDAD



USAR GUANTES AISLANTES



USAR BOTAS AISLANTES


USAR COFIA


USAR CENICEROS


USAR PAPELERAS


USAR PANTALLA


LAVARSE LAS MANOS


SILENCIO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural.

PROXECTO DE REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS-SILLEDA (PONTEVEDRA)

ENX. AUTOR DO PROXECTO:
ENX. MONTES
J.MARTIN VÁZQUEZ MORANDEIRA

ENX. DIRECTOR DO PROXECTO:
ENX. TÉCNICO AGRÍCOLA
D. MANUEL ALMANSA HERMIDA

Visto e prace XEFA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS:
Dña. MARÍA JOSÉ PÉREZ GIL

Tragsatec
GrupoTragsa


ESCALA:
SIN ESCALA

DATA:
Xullo 2019

TÍTULO:
ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD: SEÑALIZACIÓN DE SEGURIDAD. OBLIGACIÓN.

PLANO Nº: 2

HOJA Nº: 1 de 1



DIMENSIONES EN mm		
L	L1	m
594	534	30
420	378	21
297	267	15
210	188	11
148	132	8
105	95	5



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural.

PROXECTO DE REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS-SILLEDA (PONTEVEDRA)

ENX. AUTOR DO PROXECTO:
ENX. MONTES
D.J MARTIN VÁZQUEZ MORANDEIRA

ENX. DIRECTOR DO PROXECTO:
ENX. TÉCNICO AGRÍCOLA
D. MANUEL ALMANSA HERMIDA

Visto e prace XEFA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS:
Dña. MARÍA JOSÉ PÉREZ GIL

Tragsatec
GrupoTragsa


ESCALA: SIN ESCALA

DATA: Xullo 2019

TÍTULO: ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD: SEÑALIZACIÓN DE SEGURIDAD. SALVAMENTO

PLANO Nº: 3

HOJA Nº: 1 de 1



DIMENSIONES EN mm		
D	D1	e
594	420	44
420	297	31
297	210	17
210	148	16
148	105	11
105	74	8



NO
FUMAR



NO HACER
FUEGO



AGUA
NO POTABLE



NO ENCENDER
FUEGO



PEATONES
NO



NO
PASAR



PERROS
NO



PROHIBIDO EL PASO
A CARRETILLA





BASURAS
NO

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural.	PROXECTO DE REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS-SILLEDA (PONTEVEDRA)	ENX. AUTOR DO PROXECTO: ENX. MONTES D.J. MARTIN VÁZQUEZ MORANDEIRA	ENX. DIRECTOR DO PROXECTO: ENX. TÉCNICO AGRÍCOLA D. MANUEL ALMANSA HERMIDA	Visto e prace XEFA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS: Dña. MARÍA JOSÉ PÉREZ GIL	Tragsatec ESCALA: SIN ESCALA	DATA: Xullo 2019	TÍTULO: ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD: SEÑALIZACIÓN DE SEGURIDAD. PROHIBICIÓN	PLANO Nº: 4 HOJA Nº: 1 de 1


FORMAS MAS USUALES DE SEÑALIZACIÓN INTERIOR Y PROTECCIÓN

EMPLEADAS EN CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS






EN TERRENO
ARENOSO



PROTECCIÓN EN ZANJAS



SEÑALIZACIÓN EXTERIOR DE CONDUCCIONES DE ELECTRICIDAD

Y DISTANCIAS PARA ÁREAS DE SEGURIDAD.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural.

PROXECTO DE REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS-SILLEDA (PONTEVEDRA)

ENX. AUTOR DO PROXECTO:
ENX. MONTES
D. J MARTIN VÁZQUEZ MORANDEIRA

ENX. DIRECTOR DO PROXECTO:
ENX. TÉCNICO AGRÍCOLA
D. MANUEL ALMANSA HERMIDA

Visto e prace XEFA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS:
Dña. MARÍA JOSÉ PÉREZ GIL

Tragsatec GrupoTragsa

ESCALA: SIN ESCALA

DATA: Xullo 2019

TÍTULO: ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD: PROTECCIÓN DE ZANJAS


PLANO Nº: 5

HOJA Nº: 1 de 1


ÁNGULO DE LOS RAMALES EN LAS ESLINGAS PARA EL MANEJO DE MATERIALES CON LA MISMA ESLINGA.

Cuadro de ejemplo, suponiendo que una eslinga sea capaz de soportar un peso de 1000 Kg. formando sus ramales un angulo de 30°.


RELACIÓN ENTRE EL ÁNGULO Y SU CAPACIDAD DE CARGA	
Ángulo	Carga en Kg.
30°	1000
60°	850
90°	750
120°	500




La carga máxima que puede soportar una eslinga depende, fundamentalmente, del ángulo formado por los ramales de la misma. A mayor ángulo, menor será la capacidad de carga de la eslinga.



CARGA LARGA (DOS ESLINGAS)





PLANCHA LARGA




AMARRE DE BIDONES


NUNCA SE DEBE HACER TRABAJAR UNA ESLINGA CON UN ÁNGULO MAYOR DE 90°.
Y LA CARGA SIEMPRE IRA CENTRADA.








CARGA CON DOS ESLINGAS SIN FIN




XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural.	PROXECTO DE REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS-SILLEDA (PONTEVEDRA)	ENX. AUTOR DO PROXECTO: ENX. MONTES D.J. MARTIN VÁZQUEZ MORANDEIRA	ENX. DIRECTOR DO PROXECTO: ENX. TÉCNICO AGRÍCOLA D. MANUEL ALMANSA HERMIDA	Visto e prace XEFA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS: Dña. MARÍA JOSÉ PÉREZ GIL	Tragsatec ESCALA: SIN ESCALA	DATA: Xullo 2019	TÍTULO: ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD: ESLINGAS Y SUJECIÓN SEGURA DE CARGAS	PLANO Nº: 6 HOJA Nº: 1 de 1



DETALLE – 2

H = 3,60 m.
S = SEÑAL DE ALTURA MAXIMA
A = 0,40 m.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural.

PROXECTO DE REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS-SILLEDA (PONTEVEDRA)

ENX. AUTOR DO PROXECTO:
ENX. MONTES
D.J. MARTIN VÁZQUEZ MORANDERA

ENX. DIRECTOR DO PROXECTO:
ENX. TÉCNICO AGRÍCOLA
D. MANUEL ALMANSA HERMIDA

Visto e prace XEFA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS:
Dña. MARÍA JOSÉ PÉREZ GIL

Tragsatec
GrupoTragsa

ESCALA:
SIN ESCALA

DATA:
Xullo 2019

TÍTULO:
ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD: PÓRTICO DE BALIZAMIENTO. LÍNEAS ELÉCTRICAS

PLANO Nº: 7

HOJA Nº: 1 de 1

3.- PREGO DE CONDICIÓNS PARTICULARES.

3.1.- DISPOCIÓNS LEGAIS DE APLICACIÓN

As obras obxecto do presente Estudo de Seguridade e Saúde no Traballo, estarán reguladas ao longo da súa execución polos textos que a continuación cítanse, sendo de obrigado cumprimento para as partes implicadas e con especial atención os artigos que se citan expresamente. Son de obrigatorio cumprimento as disposicións contidas en:

XERAIS

- *Ordenanza General de Seguridad e Higiene en el Trabajo (O.M. de 09-03-71, B.O.E. 16-03-71; vigente el capítulo 6 del título II)*
- *Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales (B.O.E. del 10-11-95).*
  - *Modificaciones en la Ley 50/1998, de 30 de diciembre de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social.*
  - *Modificaciones en la Ley 54/2003, de 12 de diciembre, de reforma del marco normativo de la prevención de riesgos laborales. BOE núm. 298 de 13 de diciembre.*
  - *Real Decreto 171/2004, de 30 de enero, por el que se desarrolla el artículo 24 de la Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales, en materia de coordinación de actividades empresariales. BOE núm. 27, de 31 de enero de 2004.*
- *Estatuto de los Trabajadores (Real Decreto Legislativo 1/95, de 24 de marzo)*
- *Reglamento de los Servicios de Prevención (Real Decreto 39/97, de 17 de enero, B.O.E.31-01-97)*
  - *Modificación del Reglamento de los Servicios de Prevención (Real Decreto 780/1998, de 30 de abril, B.O.E. 01-05-98)*
- *Desarrollo del Reglamento de los Servicios de Prevención (O.M. de 27-06-97, B.O.E. 04-07-97)*
- *Reglamento sobre disposiciones mínimas de Seguridad y Salud relativas a la Manipulación de Cargas (Real Decreto 487/1997, de 14 de abril, B.O.E. 23-04-97)*
- *Real Decreto 949/1997, de 20 de junio, por el que se establece el certificado de profesionalidad de la ocupación de prevencionista de riesgos laborales*
- *Real Decreto 216/1999, de 5 de febrero, sobre disposiciones mínimas de seguridad y salud en el trabajo en el ámbito de las empresas de trabajo temporal.*
- *Real Decreto Legislativo 5/2000, de 4 de agosto, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley sobre Infracciones y Sanciones en el Orden Social.*
- *Real Decreto 173/2010, de 19 de febrero, por el que se modifica el Código Técnico de la Edificación, aprobado por el real decreto 314/2006, de 17 de marzo, en materia de accesibilidad y no discriminación de las personas con discapacidad.*
- *Todas aquelas normas UNE e ISO que sexan de obrigado cumprimento.*

LUGARES DE TRABAJO

- *Reglamento sobre disposiciones mínimas en materia de Señalización de Seguridad y Salud en el Trabajo (Real Decreto 485/1997, de 14 de abril, B.O.E. 23-04-97)*
- *Reglamento sobre disposiciones mínimas de Seguridad y Salud en los Lugares Trabajo [excepto Construcción] (Real Decreto 486/97, de 14 de abril, B.O.E. 23-04-97)*

MÁQUINAS E EQUIPOS DE TRABALLO:

- *Decreto 2443/69, de 16 de agosto, Reglamento de Recipientes a Presión*
- *Real Decreto 2291/1985, de 8 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Aparatos de Elevación y Manutención (B.O.E. 11-12-85) e instrucciones técnicas complementarias. en lo que pueda quedar vigente.*
- *Real Decreto 1495/1986, por el que se aprueba el Reglamento de Seguridad en las Máquinas (B.O.E. 21-07-86) y Reales Decretos 590/1989 (B.O.E. 03-06-89) y 830/1991 (B.O.E. 31-05-91) de modificación del primero.*
- *Real Decreto 474/1988, de 30 de marzo, por el que se establecen las disposiciones de aplicación de la Directiva 84/528/CEE, sobre aparatos elevadores y manejo mecánico (B.O.E. 20-05-88)*
- *O.M. de 07-04-88, por la que se aprueba la Instrucción Técnica Reglamentaria MSG-SM1, del Reglamento de Seguridad de las Máquinas, referente a máquinas, elementos de máquinas o sistemas de protección usados (B.O.E. 15-04-88).*
- *Real Decreto 1435/1992, sobre disposiciones de aplicación de la Directiva del Consejo 89/392/CEE, relativa a la aproximación de legislaciones de los estados miembros sobre Máquinas (B.O.E. 11-12-92).*
  - *Real Decreto 56/1995, de 20 de enero, que modifica el anterior 1435/1992.*
- *Reglamento sobre disposiciones mínimas de Seguridad y Salud para la utilización por los trabajadores de los Equipos de Trabajo (Real Decreto 1215/1997, de 18 de julio, B.O.E. 07-08-97)*
  - *Modificaciones en el Real Decreto 2177/2004, de 12 de Noviembre.*
- *Reglamento sobre disposiciones mínimas de Seguridad y Salud relativas al trabajo con Equipos que incluyen Pantallas de Visualización (Real Decreto 488/1997, de 14 de abril, B.O.E. 23-04-97)*
- *Orden de 28 de junio de 1998, por la que se aprueba la Instrucción Técnica Complementaria MIE-AEM2 del Reglamento de Aparatos de Elevación y Manutención, referente a grúas torre desmontables para obras.*

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL:

- *Real Decreto 1407/1992, de 20 de noviembre, que regula las condiciones para la comercialización y libre circulación intracomunitaria de los Equipos de Protección Individual (B.O.E. 28-12-92)*

• *Reglamento sobre disposiciones mínimas de Seguridad y Salud relativas a la utilización por los trabajadores de Equipos de Protección Individual (Real Decreto 773/1997, de 22 de mayo, B.O.E. 12-06-97)*

ELECTRICIDADE:

• *Decreto 3115/1968, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Líneas Eléctricas Aéreas de Alta Tensión (B.O.E. 27-12-68)*
• *Real Decreto 614/2001, de 8 de junio, sobre disposiciones mínimas para la protección de la salud y seguridad de los trabajadores frente al riesgo eléctrico.*
• *Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento electrotécnico para baja tensión*

ENFERMEDADES PROFESIONAIES:

• *Real Decreto 1995/1981, de 27 de noviembre, por el que se aprueba el cuadro de enfermedades profesionales en el sistema de la seguridad social.*

SUSTANCIAS E PRODUCTOS QUÍMICOS:

• *Real Decreto 363/ 1995, de 10 de marzo, Reglamento sobre notificación de sustancias nuevas y clasificación, envasado y etiquetado de sustancias peligrosas.*
• *Real Decreto 379/2001, de 6 de abril, Reglamento de Almacenamiento de productos químicos y sus Instrucciones Técnicas complementarias.*
• *Real Decreto 374/2001, de 6 de abril, sobre la protección de la salud y seguridad de los trabajadores contra los riesgos relacionados con los agentes químicos durante el trabajo.*
• *Real Decreto 255/2003, por el que se aprueba el Reglamento sobre clasificación, envasado y etiquetado de preparados peligrosos.*
• *Ley 22/2011, de 28 de julio, de residuos y suelos contaminados.*
• *Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia. (DOGA nº224, 18/11/08)*

AXENTES FÍSICOS:

• *Real Decreto 1316/1989, de 27 de octubre, sobre protección de los trabajadores frente a los riesgos derivados de la exposición al Ruido durante el trabajo (B.O.E. 02-11-89). Derogado salvo para los sectores de la música y el ocio, en los que seguirá vigente hasta el 15 de febrero de 2008.*
• *Real Decreto 245/1989 sobre determinación y limitación de la potencia acústica admisible de determinado material y maquinaria de obra (B.O.E. 11-03-89) y Real Decreto 71/1992, por el que se amplía el ámbito de aplicación del anterior, así como Órdenes de desarrollo.*

• *Real Decreto 1311/2005, de 4 de noviembre, sobre la protección de la salud y la seguridad de los trabajadores frente a los riesgos derivados o que puedan derivarse de la exposición a vibraciones mecánicas. BOE núm. 265 de 5 noviembre.*
• *Real Decreto 286/2006, de 10 de marzo, sobre la protección de la salud y la seguridad de los trabajadores contra los riesgos relacionados con la exposición al ruido.*

AXENTES QUÍMICOS E BIOLÓXICOS

• *Decreto 2414/1961, de 30 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas.*
• *Reglamento de Protección de los trabajadores contra los Riesgos relacionados con la Exposición a Agentes Biológicos durante el trabajo (Real Decreto 664/1997, de 12 de mayo, B.O.E. 24-05-97)*
• *Adaptación en función del progreso técnico del Real Decreto 664/1997 (Orden de 25 de marzo de 1998 (corrección de errores del 15 de abril)*
• *Reglamento de Protección de los trabajadores contra los Riesgos relacionados con la Exposición a Agentes Cancerígenos durante el trabajo (Real Decreto 665/1997, de 12 de mayo, B.O.E. 24-05-97)*
• *Real Decreto 374/2001, de 6 de abril, sobre la protección de la salud y seguridad de los trabajadores contra los riesgos relacionados con los agentes químicos durante el trabajo.*

INCENDIOS:

• *Real Decreto 1942/1993, de 5 noviembre, Reglamento de Instalaciones de protección contra de protección contra incendios.*

CONSTRUCIÓN:

• *Orden Ministerial, del 28 de octubre de 1970, Ordenanza Laboral de Construcción, vidrio y Cerámica.*
• *Reglamento sobre disposiciones mínimas de Seguridad y Salud en las obras de Construcción (Real Decreto 1627/1997, de 24 de octubre, B.O.E. 25-10-97)*
• *Convenio Colectivo Provincial de la Construcción*
• *Ley 32/2006, de 18 de octubre, reguladora de la subcontratación en el sector de la construcción.*
• *Ley 1109/2007, de 24 de agosto, por el que se desarrolla la Ley 32/2006, de 18 de octubre, reguladora de la subcontratación en el sector de la construcción.*

ACTIVIDADES ESPECIAIS:

• *Real Decreto 863/1985, de 2 de abril, por el que General de Normas Básicas de Seguridad Minera.*

• *Real Decreto 1389/1997, por el que se establecen disposiciones mínimas destinadas a proteger la seguridad y la salud de los trabajadores en las actividades mineras (B.O.E. 07-10-97).*
• *Real Decreto 230/1998, de 16 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento de Explosivos.*
• *Real Decreto 1488/98, de 10 de julio, de adaptación de la Legislación de Prevención de Riesgos Laborales a la Administración General del Estado.*
• *Orden PRE/2426/2004, de 21 de julio, por el que se determina el contenido, formato y llevanza de los Libros-Registro de movimientos y consumo de explosivos.*

3.2.- PRINCIPIOS DE ACCIÓN PREVENTIVA.

Os principios xerais que se terán en conta serán:

a) Evitar riscos.
b) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
c) Combatir os riscos na súa orixe.
d) Adaptar o traballo á persoa, en particular no que respecta á concepción dos postos de traballo, así como á elección dos equipos e os métodos de traballo e de produción con miras, en particular, a atenuar no traballo monótono e repetitivo e a minguar os efectos do mesmo na saúde.
e) Ter en conta a evolución da técnica.
f) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco o ningún perigo.
g) Planificar a prevención, buscando un conxunto coherente que integre nela a técnica, a organización do traballo, as condicións de traballo, as relacións sociais e a influencia dos factores ambientais no traballo.
h) Adoptar medidas que antepor a protección colectiva á individual.
i) Dar as debidas instrucións aos traballadores.

Así mesmo:

- O empresario tomará en consideración as capacidades profesionais dos traballadores en materia de seguridade e de saúde no momento de encomendarlles as tarefas.
- O empresario adoptará as medidas necesarias a fin de garantir que só os traballadores que recibiran información suficiente e adecuada poidan acceder ás zonas de risco grave e específico.
- A efectividade das medidas preventivas deberá prever as distraccións o imprudencias non temerarias que puidera acometer o traballador.

3.3.- PRINCIPIOS XERAIS APLICABLES DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA.

Os principios que se recollen no artigo anterior se aplicarán durante a execución da obra, especialmente ás seguintes tarefas ou actividades:

a) O mantemento da obra en bo estado de orde e limpeza.
b) A elección do emprazamento dos postos e áreas de traballo, tendo en conta as súas condicións de acceso, e a determinación das vías ou zonas de desprazamento ou circulación.
c) A manipulación dos distintos materiais e a utilización dos medios auxiliares.
d) O mantemento, o control previo á posta en servizo e o control periódico das instalacións e os dispositivos necesarios para a execución da obra, con obxecto de corrixir os defectos que puideran afectar á seguridade e saúde dos traballadores.
e) A delimitación e o acondicionamento das zonas de almacenamento e depósito dos distintos materiais, en particular si se trata de materias ou substancias perigosas.
f) A recollida dos materiais perigosos utilizados.
g) O almacenamento e a eliminación ou evacuación de residuos e escombros.
h) A adaptación, en función da evolución da obra, do período de tempo efectivo que deberá dedicarse aos distintos traballos ou fases de traballo.
i) A cooperación entre os contratistas, subcontratistas e traballadores autónomos.
j) As interaccións e incompatibilidades con calquera outro tipo de traballo o actividade que se realice na obra ou cerca do lugar da obra.

3.4.- OBLIGACIÓNS DO COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA.

O coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, ou a Dirección Facultativa no seu caso, deberá desenvolver as seguintes funcións:

a) Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado polo contratista e, no seu caso, as modificacións introducidas no mesmo.
b) Adoptar as medidas necesarias para que só as persoas autorizadas poidan acceder á obra.
c) Coordinar as actividades da obra para garantir que os contratistas e, no seu caso, os subcontratistas e os traballadores autónomos apliquen de xeito coherente e responsábel os principios de acción preventiva.

d) Organizar a coordinación de actividades empresariais cando no mesmo centro de traballo desenvolvan actividades traballadores de dous ou máis empresas.
e) Coordinar as acciones e funcións de control da aplicación correcta dos métodos de traballo.

Respecto ao libro de incidencias:

1) Visar dito libro no colexio profesional que vise o proxecto de execución de obra ou, no seu caso, pola correspondente oficina de supervisión de proxectos.
2) Utilizar dito libro para fixar no mesmo as incidencias de seguridade que poidan xurdir ao longo da obra.

3.5.- OBLIGACIÓNS DO CONTRATISTA.

1. Cumprir e facer cumprir ao seu persoal o establecido no plan de seguridade e saúde.
2. Adoptar as medidas necesarias en orde á máis perfecta organización e plena eficacia da debida prevención dos riscos que poidan afectar á vida, integridade e saúde dos traballadores ao servizo da empresa.
3. Promover canto fora preciso tanto para o mantemento das máquinas, ferramentas, material e útiles de traballo nas debidas condicións de seguridade como para o normal funcionamento dos servizos médicos, instalacións sanitarias e servizos de hixiene para os traballadores da empresa.
4. Facilitar gratuitamente aos traballadores os medios de protección persoal axeitados aos traballos que realicen.
5. Velar pola práctica de recoñecementos médicos, iniciais e periódicos aos traballadores, conforme ao establecido nas disposicións.
6. Observar con todo rigor e exactitude as normas vixentes relativas a traballos prohibidos a menores, e impedir a ocupación dos traballadores en máquinas ou actividades perigosas cando os mesmos sufran doenzas ou defectos físicos tales como epilepsia, cambras, vertixe, xordeira, anomalías de visión ou outros análogos, ou se atopan en estados ou situacións que non corresponden ás esixencia psicofísicas dos seus respectivos postos de traballo.
7. Establecer aqueles canles constantes que, en calquera momento, permitan obter unha información axeitada sobre os defectos de prevención que se produzan e os perigos que se advirtan.
8. Fomentar a cooperación de todo o persoal as súas ordes para manter as mellores condicións de seguridade, saúde e benestar dos traballadores da empresa.
9. Promover a máis completa formación en materia de seguridade e saúde no traballo do persoal directivo, técnico, mandos intermedios e traballadores ao servizo da empresa.

10.Facilitar instrución axeitada ao persoal antes de que comece a desempeñar calquera posto de traballo, acerca dos riscos e perigos que nel poidan afectarlle, e sobre a forma, métodos e procesos que deben observarse para previlos o evitalos.
11.Cumprir a normativa en materia de prevención de riscos laborais na execución da obra.
12.Informar e proporcionar as instrucións axeitadas aos traballadores autónomos sobre todas as medidas que haxan de adoptarse no que se refire á súa seguridade e saúde na obra.
13.Atender as indicacións e cumprir as instrucións do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, no seu caso, da dirección facultativa.
14.Cumprir as disposicións mínimas do Anexo IV do R.D. 1627/97 durante a execución da obra.

3.6.- OBLIGACIÓNS E DEREITOS DOS TRABALLADORES.

De acordo co artigo 29 da Lei de prevención de riscos laborais, os traballadores están obrigados expresamente a:

1. Velar, segundo as súas posibilidades e mediante o cumprimento das medidas de prevención que en cada caso sexan adoptadas, pola súa propia seguridade e saúde no traballo e pola de aquelas outras persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional, a causa dos seus actos e omisións no traballo, de conformidade coa súa formación e as instrucións do empresario.
2. Os traballadores, conforme a súa formación e seguindo as instrucións do empresario, deberán en particular:

- Usar axeitadamente, de acordo coa súa natureza e os riscos previsibles, as máquinas, aparellos, ferramentas, sustancias perigosas, equipos de transporte e, en xeral, calquera outros medios cos que desenvolva na súa actividade.
- Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, de acordo coas instrucións recibidas deste.
- Non por fora de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos medios relacionados coa súa actividade nos lugares de traballo nos que esta teña lugar.
- Informar de inmediato ao seu superior xerárquico directo, e aos traballadores designados para realizar actividades de protección e de prevención ou, nos eu caso, ao servizo de prevención, acerca de calquera situación que, ao seu xuízo entrañe, por motivos razoables, un risco para a seguridade e a saúde dos traballadores.
- Contribuír ao cumprimento das obrigacións establecidas pola autoridade competente co fin de protexer a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo.

• Cooperar co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores.

Polo que se refire aos dereitos:

1. Os traballadores teñen dereito a unha protección eficaz
2. Teñen dereito a unha información axeitada de todas as medidas en materia de seguridade e saúde que haxan de adoptarse.
3. Teñen dereito a formación en materia preventiva.
4. Teñen dereito a coñecer o plan de seguridade e saúde.

3.7.- CONDICIÓNS DOS MEDIOS DE PREVENCIÓN.

Todas as prendas de protección persoal ou elementos de protección colectiva terán fixado un período de vida útil, e serán desbotados ao seu termo.

Cando polas circunstancias do traballo se produza un deterioro máis rápido nunha determinada prenda ou equipo se reporá esta, independentemente da duración prevista ou data de entrega.

Toda prenda ou equipo de protección que haxa sufrido un trato límite, e dicir, o máximo previsto (por exemplo, un accidente), será desbotado y reposto ao momento.

Aquelas prendas que polo seu uso haxan adquirido máis tolerancias das admitidas polo fabricante serán repostas inmediatamente.

O uso dunha prenda ou equipo de protección nunca representará un risco en si mesmo.

3.7.1.- Proteccións Persoais.

Todo elemento de protección persoal se axustará ás normas de homologación do Ministerio de Traballo (O. M: 17/05/74, BOE 29/05/74).

Nos casos en que non exista norma de homologación oficial serán de calidade axeitada ás súas respectivas prestacións.

3.7.2.- Proteccións Colectivas.

- **Valos autónomos de limitación e protección**: terán como mínimo 90 cm de altura, estando construídas a base de tubos metálicos. Disporán de apoios para manter a súa verticalidade.
- **Tope de desprazamento de vehículos**: se porán realizar cun par de tablóns, fixados ao terreo por medio de redondos fincados ao mesmo, ou de outra forma eficaz.
- **Redes**: serán de poliamida e a súas características xerais serán tales que cumpran, con garantía, a función protectora para a que están previstas.
- **Cables de suxeición do cinto de seguridade, os seus ancoraxes, soportes eancoraxes de redes**: terá suficiente resistencia para soportar os esforzos a que poidan ser sometidos de acordo coa súa función protectora.
- **Pasaxes de seguridade**: porán realizarse mediante pórticos con pes dereitos e lintel a base de tablóns firmemente suxeitos ao terreo e cuberta callada de tablóns. Estes elementos poden ser metálicos: pórticos a base de tubo ou perfís e a cuberta de chapa.
- **Varandas**: disporán de listón superior a unha altura de 90 cm de suficiente resistencia para garantir a retención de persoas e levarán un listón horizontal intermedio así como o correspondente rodapé.
- **Lonas**: serán de boa calidade e de gran resistencia á propagación da lapa.
- **Interruptores diferenciais e tomas de terra**: a sensibilidade mínima dos interruptores diferenciais será para o alumeado de 30 mA. e para forza de 300 mA. A resistencia das tomas de terra non será superior á que garanta unha tensión máxima de 24 V., de acordo coa sensibilidade do interruptor diferencial. Medirase a súa resistencia periodicamente sobre todo na época más seca do ano.
- **Extintores**: serán axeitados en canto ao axente do extintor e ao tamaño e tipo de incendio previsible. Revisaranse cada 6 meses como máximo.
- **Medios auxiliares de topografía**: os elementos auxiliares como cintas, fitos, etc., serán dieléctricos para evitar o risco de electrocución polas liñas eléctricas.

3.8.- SERVIZOS DE PREVENCIÓN.

A empresa construtora deberá designar un ou varios traballadores coa capacidade necesaria; constituirá un servizo de prevención ou concertará dito servizo cunha entidade allea á empresa, todo elo en cumprimento do deber de prevención de riscos profesionais.

A empresa disporá de servizo médico propio ou mancomunado.

3.9.- DELEGADOS DE PREVENCIÓN E COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE.

Designaranse delegados de prevención de acordo co previsto na Lei de prevención de riscos laborais.

Constituirase o comité de seguridade e saúde cando o número de traballadores sexa superior a 50 ou, no seu caso, o que dispoña o convenio colectivo provincial.

3.10.- INSTALACIÓNS DE HIXIENE E BENESTAR.

O empresario está obrigado a facilitar aos traballadores as instalacións de comedores, vestiarios, servizos sanitarios, ben sexa en instalacións propias ou en establecementos hostaleiros da zona.

3.11.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

O contratista está obrigado a redactar un plan de seguridade e saúde adaptando este estudo aos seus medios e métodos de execución, coa correspondente xustificación técnica, sen que poida implicar mingua do importe total nin dos niveis de protección contidos no estudo.

Pontevedra, xullo de 2019

O técnico da empresa colaboradora:

D. José Martín Vázquez Morandeira
Enx. Montes

O Director Técnico:

D. Manuel Almansa Hermida
Enx. Técnico Agrícola

Visto e prace Xefa do Servicio
de Infraestruturas Agrarias:

Dna. María José Pérez Gil

ANEXO Nº 10

ADECUACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

ÍNDICE

1. OBXECTO.....1

2. RESTAURACIÓN E ACONDICIONAMENTO PAISAXÍSTICO.....2

2.1.- ESPECIES E TRATAMENTOS. 3

2.2.- DESCRICIÓN DOS TRATAMENTOS DE RESTAURACIÓN.....4

2.2.1.- ESTENDIDO DE TERRA VEXETAL.....4

2.2.1.1- XESTIÓN DA TERRA VEXETAL AFECTADA POLAS OBRAS.....5
2.2.1.2- TERRAPLÉNS. 7

2.2.2.- LINDEIROS ARBORADOS. 7
2.2.3.- SUPERFICIE EN CONTORNAS FLUVIAIS. 7
2.2.4.- VERTEDOIROS DE TERRAS. 7
2.2.5.- PRÉSTAMOS DE TERRAS.....8

2.3.- ÉPOCA DE PLANTACIÓN.....8

2.4.- PERÍODO DE GARANTÍA.....8

1.- OBXECTO.

O presente documento de restauración paisaxística elabórase con obxecto de deseñar as medidas necesarias para lograr a maior integración ambiental e paisaxística posible das actuacións que se levarán a cabo para a execución dos camiños.

No presente proxecto refléxanse as trazas de camiños que se recoller no Proxecto de: "PROXECTO DE REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE REESTRUCTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS – SILLEDA (PONTEVEDRA)".

Por definir o trazado dos novos camiños, principal factor determinante dunha maior ou menor incidencia sobre o medio ambiente da nova rede viaria, foron tidos en conta as seguintes consideracións de tipo medioambiental:

- Favorecer o desenvolvemento económico e social na zona e a mellora das explotacións existentes, dando lugar a masas de terreo con dimensións tales que permitan definir no seu momento fincas de substitución con formas e dimensións óptimas, en base á estrutura actual da propiedade.
- Evitar que a execución dos novos camiños afectase a zonas con especies forestais nobres e autóctonas, especialmente con vexetación de frondosas autóctonas.
- Respectar as canles de auga e a vexetación de ribeira.

As trazas dos camiños que se proxectaron representan, de entre as distintas alternativas posibles, a máis favorable dende o punto de vista dos condicionantes medioambientais citados anteriormente, e son datos de partida para a redacción do presente proxecto.

As trazas foron consensuadas cos membros da Xunta de Concentración e coa Dirección Técnica.

En base á consideración anterior, ao redactar o presente proxecto, e concretamente ao determinar rasantes, obras de fábrica,… etc., contémplanse diversas medidas encamiñadas a mellorar a incidencia sobre o medio, medidas que se definen con detalle nos Anexos e Planos correspondentes, e que principalmente son as seguintes:

- As rasantes dos novos camiños axústanse o máis posible ás do terreo cun trazado relativamente uniforme, deixando pequenas diferenzas de cota entre o camiño e os terreos colindantes, ao obxecto tanto de permitir un bo acceso ás fincas de substitución, como de non orixinar grandes noiros que incidan negativamente desde o punto de vista paisaxístico.

• Ponse especial coidado nos casos puntuais en que algún tramo de camiño atravesa necesariamente algunha masa arbórea de interese, tramos nos que a rasante se axusta practicamente á cota do terreo.

No presente anexo preténdese recoller as medidas encamiñada a:

- Recuperación, rexeneración, restauración e acondicionamento das superficies alteradas polas obras, xa sexan de noiros, superficies de préstamos o vertedoiros de terras ou espazos empregados como instalacións auxiliares.
- Protección das superficies alteradas pola erosión.
- Contribuír á conservación e integración ambiental do resto de elementos naturais, sociais e culturais implicados no proxecto (leitos, ribeiras, vexetación, fauna, aproveitamentos do solo, elementos patrimoniais...).

Tamén se contempla a valoración económica das labores propostas.

2.- RESTAURACIÓN E ACONDICIONAMENTO PAISAXÍSTICO.

Defínense as diferentes unidades de restauración presentes na zona alterada polas obras, para diferenciar en cada caso os tipos de tratamento de integración paisaxística necesarios en cada caso.

Preténdese o emprego, na medida do posible, de especies locais que se correspondan con cada unidade ambiental a restaurar. Para conseguir os obxectivos desexados, terase en conta o seguinte:

- Limitacións ambientais da contorna.
- Tipo de superficies resultantes da construción dos camiños.
- Consideracións do substrato existente e pendente das superficies.
- Presenza de auga.
- Existencia previa de zonas alteradas.
- Zonas alteradas polas instalacións de obra.
- Localización de sobrantes de obra.

Os obxectivos da vexetación a implantar serán a minimización da alteración que o proxecto produce na contorna, e a integración dos camiños no medio polo que discorre, tendo en conta as características construtivas dos camiños e as condicións do medio natural afectado. No presente proxecto, as superficies de obra que deberán ser consideradas na restauración son as seguintes:

- Noiros en terraplén.
- Lindes arboradas.
- Zonas degradadas, instalacións, zonas de acopios, vertedoiros e préstamos.

- Entornos fluviais.

2.1.- Especies e Tratamentos.

Unha vez determinadas as superficies que deben restaurarse, e considerando as limitacións establecidas polo clima existente na área de estudo, é necesario considerar as especies que debe incluír a cobertura vexetal integradora e a elección do tamaño e cultivo da planta; todo iso co fin de determinar unha adecuada evolución do material vexetal, que permita a obtención dos distintos obxectivos buscados coa actuación.

Unha vez executados os camiños, os labores xerais de conservación da estrutura realizaranse de forma máis ou menos periódica e espaciada. Por conseguinte, considérase prioritario o emprego de tratamentos (especies e condicións de implantación) que minimicen as necesidades de mantemento posterior.

Recorrerase logo, a aqueles tratamentos que permitan unha evolución da cobertura o máis natural e autocontrolada posible; utilizando especies vexetais autóctonas, dado que a súa presenza na zona, asegura a aclimatación e resistencia ás limitacións climáticas existentes. Considéranse como condicionantes na selección de especies, as seguintes características:

- Selección de especies autóctonas: Serán autóctonas, tendo sempre presente, para a súa implantación, as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan (sexan árbores, arbustos, matas e/ou herbáceas) da mesma zona ou outra similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos.
- Cumprimento da Lei 3/2007.
- Adaptación ao ambiente: Deben ser compatibles co hábitat no que se van implantar. O hábitat, estación ou localización vai estar definido pola interdependencia e interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), chan ou substrato (perfil, textura, fauna, flora, ciclos de nutrientes, etcétera), e factores bióticos.
- Resistencia ás condicións climáticas.
- Adaptación ao substrato.
- Funcionalidade.
- Viabilidade da implantación.
- Minimización do mantemento posterior.
- Morfoloxía, aspecto e forma das distintas especies, para cubrir os obxectivos buscados.
- Relación custo/calidade.
- Dispoñibilidade en viveiro.
- En caso de precisar achegas externas de terra vexetal para os labores de restauración, esta non se poderá extraer de áreas onde se encontre

consolidada e integrada no medio, debendo proceder de abastos ou zonas debidamente autorizadas.

Estas condicións uniranse, finalmente, á consideración das características medio natural circundante, intentando, na medida do posible e sen perder do carácter funcional da obra, a integración paisaxística na contorna.

No deseño das distintas actuacións sobre cada superficie non hai que perder vista os obxectivos da restauración. Sobre estas apreciacións aplicaranse posteriormente as consideracións realizadas para a selección de especies, obténdose o esquema final teórico da plantación; adaptándose o mesmo, ao espazo do que se dispón en cada situación particular.

2.2.- Descrición dos tratamentos de restauración.

